



# EOIVISION

*Querendo contribuir á diversidade lingüística dunha maneira lúdica, a EOI Santiago convoca o primeiro FESTIVAL DA CANCIÓN EOIVISIÓN, na honra daquel festival de Eurovisión no que cada grupo cantaba nun idioma diferente. Chamámoslle EOIVISION porque non se restrinxe a Europa, senón ás linguas traballadas e faladas dentro do espazo desta EOI, sen límites nin fronteiras físicas ou políticas.*

## BASES DE PARTICIPACIÓN

- 🎵 Poderá participar calquera alumno ou alumna da EOI, en grupos ou individualmente.
- 🎵 A canción deberá ser **orixinal, composta na lingua de estudo**, sobre unha base musical xa existente ou inventada.
- 🎵 Por cada lingua, actuarán no festival un **máximo de dous grupos**. No caso de haber máis candidatos da mesma lingua, haberá unha **preselección** nos días 6 e 7 de marzo dentro de varias clases do idioma correspondente. As cancións preseleccionadas serán as que vaian ao festival.
- 🎵 Os grupos que queiran participar deberán enviar un **vídeo** a [eoι.santiago@edu.xunta.es](mailto:eoι.santiago@edu.xunta.es) ou presentalo nun CD / DVD na conserxería do centro. O vídeo constará de dous capítulos: 1) o grupo cantando a canción que se presenta ao concurso. 2) Unha presentación de si mesmos e do país, rexión, vila ou barrio ao que representan no idioma correspondente. O vídeo presentación será proxectado no festival antes da actuación. Cada arquivo audiovisual irá **identificado** co nome do grupo ou intérprete, idioma polo que participa, un correo electrónico e un teléfono de contacto.

**O prazo límite para a recepción de vídeos é o 4 de marzo (incluído).**

- 🎵 O XURADO terá, como en Eurovisión, delegacións por idioma. Cada delegación estará composta por un membro do profesorado da lingua representada e por cinco alumnas ou alumnos que estuden esta lingua. O xurado intervirá no festival e votará empregando a lingua correspondente.
- 🎵 O Festival EOIVISION, incluído na programación do Festival das Linguas 2008, celebrarase o 13 de marzo de 17:00 a 18:30 horas.
- 🎵 No caso de precisar axuda para a gravación do vídeo, poderase contactar co profesorado correspondente ou coa Vicedirección.